



CAMPAMENTO XUVENIL "ILLA DE ONS" (BUEU)

DATOS XERAIS: Campamento situado na Illa de Ons con capacidade para 60 prazas en tenda de campaña por quenda. O conxunto que conforma as illas de Ons atópase na boca da Ría de Pontevedra. A Illa de Ons é a de maior tamaño, cunha lonxitude de 5 km. A costa está repleta de covas e furnas, a máis coñecida é o Buraco do Inferno. A illa dista de terra firme 8 km na zona de máxima proximidade. O campamento atópase na zona sur da illa, no barrio de Pereiró, protexido dos ventos mariños polo Alto, nunha zona á que se chega por un camiño con rodeiras á beira das praias do sueste illán.

ACCESOS: Barco dende Bueu.

ENDEREZO: Campamento xuvenil Illa de Ons -Bueu (Pontevedra).

QUENDA	DATAS	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
1	1-08 xullo	12-13	ILLA MARABILLA Ofrecémosche neste campamento explorar a natureza e coñecer a flora e fauna da zona a través de actividades de sendeirismo, orientación, etc.
2	11-18 xullo	13-14	Desenvolveranse outras actuacións como caiac, paddle surf, snorkel e actividades de praia.
3	21-28 xullo	11-12	Tamén se realizarán actividades deportivas (slackline, béisbol, crosball...) e xogos populares (chave, chapas, trompo...) e noite de observación astronómica.
4	1-08 agosto	13-14	En resumo, o obxectivo fundamental é divertirse a través da realización de actividades de acampada relacionadas co medio natural.
5	11-18 agosto	13-14	NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas ajeas á instalación.
4. **Horario de chamadas:** na información de recepción o equipo directivo comunicarlles ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante



a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.

5. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Nesta web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", está dispoñible o modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A incorporación realizarase o día do inicio da quenda correspondente.

Os/as participantes teñen que presentarse na nave de Mariñeiros, no peirao de Bueu, **entre as 09:30 e as 11:00 horas horas para poder saír ás 11:45 horas.**

- O billete será adquirido ese mesmo día no porto de Bueu por conta de cada participante. No peirao seredes recibidos polo equipo técnico que vos entregará a autorización de acceso á illa coa que mercar a pasaxe de ida e volta.

- A autorización administrativa do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o acceso á illa será xestionada polo Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo.

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono 639002088 durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O último día da quenda, **a recollida das persoas participantes** deberá facerse, no mesmo peirao, **ás 12:00 horas** (saída da Illa de Ons ás 11:00).

MATERIAL NECESARIO

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Saco de durmir
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Gorra ou viseira
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roup interior suficiente para todos os días da quenda



MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Neopreno
- Cantimplora
- Sandalias pechadas con velcro
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Chuvasqueiro
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h	Almorzo
09.30 h	Activa-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h	Remate das actividades de mañá, recollida, desinfección do material e aseo
14.10 h	Xantar
15.00 h	Aseo
15.10 h	Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h	Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h	Remate das actividades de tarde, desinfección do material e recollida
20.10 h	Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h	Cea
21.30 h	Tempo libre xestionado
22.00 h	Escoita activa
22.20 h	Velada
23.30 h	Deitarse